



REGLAS E SUXERENCIAS PRÁCTICAS PARA O PROFESORADO E A FAMILIA DUN NENO/A CON DEFICIENCIA AUDITIVA.

- Debe articularse clara, correctamente e a velocidade moderada.
- Falarase á clase tendo a luz enfrente da cara.
- Debemos procurar non falar cando estamos de cara á pizarra. Facelo despois e mirando á clase.
- Cando se lea en voz alta é preciso separar o libro da cara para que se poidan ver os beizos.
- Cando facemos un dictado non debemos esquecer que o neno/a con pérdida auditiva, ademais de escribir ten que mirar á cara do que está a dictar, polo que precisará máis tempo que o resto dos seus compañeiros.
- Procure que o neno/a se sente nun lugar da clase onde poida ver facilmente a cara do mestre.
- Non se debe falar de costas á clase nin pasear cando se está a explicar.
- Cando o neno/a pareza que non entende un concepto, volva a explicalo con palabras diferentes.
- A lectura labial non pode facerse ben dende lonxe, non o esqueza.
- Nunca debemos falarlle cun cigarro nos beizos, nin masticando, nin con gafas escuras (a expresión da mirada é fundamental, xa que axuda a comprensión)

